

MEMORIA PROPOSTA DA ADDENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E O CONSELLO DE SEGURIDADE NUCLEAR SOBRE PLANIFICACIÓN, PREPARACIÓN E RESPONSA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA RADIOLÓXICA.

A Xunta de Galicia e o Consejo de Seguridad Nuclear (CSN) teñen asinado o *“Convenio entre la Vicepresidencia Primera y Consellería de Presidencia, Justicia y Turismo de la Xunta de Galicia y el Consejo de Seguridad Nuclear sobre planificación, preparación y respuesta ante situaciones de emergencia radiológica”*. Este acordo foi inscrito no Registro Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación (REOICO) con data 4 de xuño de 2021 e publicado no BOE con data 11 de xuño de 2021.

O convenio ten por obxecto coordinar as actuacións do Consello de Seguridad Nuclear e a Xunta de Galicia en caso de emerxencias radiolóxicas na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ás obrigas de ambas partes, que establece a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobada polo Real Decreto 1564/2010 do 19 de novembro.

Ademáis A Xunta de Galicia actúa como Organismo Regulamentador de actividades que comportan riscos radiolóxicos, no marco da Encomenda de Funcións do Consello de Seguridad Nuclear (CSN) á Xunta de Galicia, subscrita o 15 de novembro de 1990. A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior desenvolve as funcións previstas no Acordo de Encomenda, así como a atención, en coordinación coa sala de emerxencias do CSN, das situacións de emerxencia radiolóxica xurdidas por sucesos nas instalacións radioactivas ou nos transportes do material radioactivo. O resultado clave é asegurar que as diversas actividades radicadas en Galicia, nas que concorre o uso de fontes radioactivas e equipos emisores de radiación ionizante (nas áreas estratéxicas de alto valor engadido de investigación, industria e medicina), se desenvolvan e aporten os beneficios desexados, mantendo uns niveis de risco aceptables segundo os estándares de seguridade vixentes para cada tipo de instalación.

No marco do convenio co Consejo de Seguridad Nuclear, a Xunta de Galicia redactou o Plan especial de Protección Civil ante o risco radiolóxico de Galicia (PERRGAL) contando coa colaboración do CSN. Os compromisos asumidos polas partes resultan ser unha ferramenta fundamental no desenvolvemento das accións en marcha para a planificación, preparación e resposta ante situacións de emerxencia radiolóxica.

A cláusula decimocuarta do convenio recolle a posibilidade de prórroga por un periodo de outros catro anos adicionais, mediante acordo unánime das partes subscrito con anterioridade á data do seu remate.



Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Unha vez avaliadas as necesidades de manter o esquema de coordinación na participación do Consello de Seguridade Nuclear coa Xunta de Galicia para o mellor exercicio das competencias e funcións, no que atinxe á planificación, preparación e resposta ante situacións de emerxencia radiolóxica, e a avantaxe de contar co aproveitamento mutuo dos recursos e experiencia de ambas institucións, se pode concluir que é preciso continuar nesta liña de cooperación.

Santiago de Compostela, en la fecha y hora de la firma digital

Santiago Villanueva Álvarez
Director Xeral de Emerxencias e Interior

